

SETEMBRO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Setembro 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIROS	11.005.081	0,7%	485.716	-8,0%
NOITES	37.818.032	-0,4%	967.767	-4,6%
ESTADÍA MEDIA	3,44	-1,0%	1,99	3,7%
% OCUPACIÓN	68,08%	-0,98	46,72%	-0,06
% OCUPACIÓN Fds	72,25%	0,02	52,93%	2,04

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de setembro rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados – un 8,0%- e o volume de noites –un 4,6%-.
- Tal circunstancia rompe cunha tendencia positiva de crecemento da demanda nos últimos cinco anos. En particular, logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012, o volume de pernoctacións recupérase en setembro de 2013 –un 5,2%- como paso previo aos crecementos rexistrados en 2014 –do 8,4%-, en 2015 –do 6,6%-, en 2016 –do 8,2% e en 2017 –do 4,5%-. O descenso de setembro deste 2018 coloca o nivel final en preto de 968 mil noites –cifra inferior á de 2016 e 2017 mais superior á serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é equivalente, rompéndose en 2018 a tendencia positiva rexistrada nos cinco anos anteriores e que levaran a colocar o volume final en preto de 528 mil en setembro do pasado ano. O descenso deste 2018 sitúa o nivel en 486 mil viaxeiros aloxados –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de máis de 42 mil viaxeiros aloxados e de máis de 46 mil noites en relación ao mes de setembro do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 0,7%- máis unha caída do volume de noites –do 0,4% neste caso- froito dun descenso da estadía media –do 1,0%-. Son variacións pouco significativas que falan máis ben de estabilidade dos principais indicadores de demanda hoteleira en relación ao pasado ano.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira a nivel das comunidades autónomas. Neste mes o volume de noites sobe e mellora en sete delas sendo Cantabria o destino de mellor comportamento relativo, isto é, a comunidade que presenta o incremento de maior intensidade –cunha suba do 9,2%-. Seguen en orde de importancia o País Vasco –cun crecemento do 4,7%- por diante de Madrid, Navarra e Asturias –con subas do contorno do 3% interanual-.
- No lado contrario é Murcia o destino que presenta o crecemento máis moderado, de pouco máis do 1% neste caso.

- En catro destinos mantense estable o nivel de demanda –a C. Valenciana, Andalucía, Aragón e Castela e León- mentres que seis son os que presentan un comportamento negativo, isto é, os que rexistran unha caída da demanda en relación ao pasado ano. Baleares rexistra o descenso máis moderado, de menos do 1% interanual, mentres que Galicia rexistra a caída de maior intensidade, do 4,6% neste caso.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante, con variacións de diferente dirección e intensidade. Cantabria lidera tamén neste caso o incremento a nivel estatal –cunha suba superior ao 10%- mentres que, no lado contrario, é Galicia o destino de peor comportamento relativo – rexistra a caída de maior intensidade cun 8,0% neste caso-.
- A nosa comunidade é, por tanto, o destino de peor comportamento relativo neste noveno mes do ano, circunstancia que afecta tanto á cifra de viaxeiros aloxados coma ao volume de noites. Tal circunstancia acontecera xa nos pasados meses de xullo e agosto. O verán, por tanto, sitúa a Galicia no destino coas caídas de maior intensidade nos niveis de demanda hoteleira.
- Baleares –con preto de 9,2 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de setembro –absorbendo o 24,3% do total estatal-. É o quinto mes consecutivo no que se produce tal circunstancia pois ata abril era Canarias o destino de maior volume e peso no conxunto da demanda hoteleira estatal –lideraba o mercado hoteleiro en temporada baixa-.
- Logo de Baleares, seguen en orde de importancia neste mes Cataluña –con preto de 6,6 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con máis de 5,9 millóns de pernoctacións-, Canarias –con máis de 5,8 millóns-, a C. Valenciana –con pouco máis de 3,1 millóns- e Madrid –con preto de 2,2 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 87% do total da demanda hoteleira de España. O 13% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a sétima posición –xusto por detrás das seis anteriores- representando o 2,6% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- increméntase un 4,8% neste mes de setembro como consecuencia dun crecemento paralelo e superior en intensidade da cifra de viaxeiros residentes –do 7,2%- nun contexto de leve descenso da estadía media. É o quinto ano consecutivo no que mellora o turismo interno en Galicia no mes de setembro, acadando neste 2018 a cifra máis elevada dos últimos once anos con 200 mil noites. En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é parella.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo, cun descenso do 4,6% no volume de noites en relación ao pasado ano 2017 –consecuencia da caída paralela da cifra de viaxeiros españois, do 6,6% neste caso-. Este descenso contrasta coas subas rexistradas nos anos anteriores –de 2013 a 2017- e sitúa o volume final de noites do mercado receptor nacional en máis de 492 mil neste mes de setembro –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- O turismo internacional presenta tamén un descenso da demanda en relación ao pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados cae un 17,0% e o volume de pernoctacións un 10,4%, contribuíndo desta maneira ao comportamento negativo da demanda.

- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos seis anos anteriores, con subas acumuladas de 2012 a 2017. Esta caída sitúa o nivel final en máis de 275 mil noites – tamén a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 28,5% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada media que sen embargo queda por debaixo da cuota rexistra nos tres anos anteriores. En 2017, por exemplo, o mercado internacional representaba o máis do 30% do total da demanda.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento diferente da demanda hoteleira. En particular, cae a demanda en dúas provincias –A Coruña e Lugo- en porcentaxes dispares –un 9,8% na primeira e un 4,7% na segunda-. Tal circunstancia vén como consecuencia dunha caída paralela da cifra de viaxeiros aloxados. En Ourense e Pontevedra, en cambio, os niveis de demanda mantéñense estables froito da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros aloxados e caída paralela da estadía media.
- Con máis de 412 mil noites hoteleiras, Pontevedra é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 42,6% do total-. Acontece tal circunstancia por terceira vez neste ano pois ata o mes de xuño é A Coruña a provincia de maior peso en Galicia –neste mes absorbe ao 38,6% do total das noites hoteleiras-. Ambas, por tanto, representan o 81% do total da demanda hoteleira da comunidade.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia increméntase neste mes de setembro –un 3,7%-, situándose en dúas noites de media. É o terceiro ano consecutivo no que mellora a estadía media neste noveno mes do ano, rompendo coa serie de caídas consecutivas desde o inicio da década. Estes incrementos permitiron mellorar en case dúas décimas a cifra de setembro de 2015 –cando quedaba en 1,85 noites-. Con esta mellora o sector hoteleiro acada a cifra de estadía media máis elevada dos últimos cinco anos.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 7,2 noites de media, mentres que Castela e León rexistra a cifra máis baixa, con 1,6 noites neste caso.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída paralela da oferta dispoñible, de similar intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,5%-, circunstancia que permite estabilizar o nivel de ocupación do sector en relación ao pasado ano –situándose no 46,7%-. Estabilízase o nivel de ocupación logo de rexistrar melloras consecutivas nos últimos cinco anos, circunstancia que mantén o dato deste ano en máximos históricos do mes de setembro.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a quinta cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –por diante de Castela e León, Aragón, Extremadura e Castela A Mancha-. Baleares é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 83,0% en setembro. Seguen Canarias –cun 76,9%- e logo a C. Valenciana –con pouco máis do 71%-. A media do conxunto de España sitúase no 68,1%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría nas que se mantén estable ou descende. Sobe e mellora en cinco delas –Murcia é o destino de incremento máis destacado, de 2,6 puntos-, mantense estable en catro e descende nas oito restantes. Canarias marca neste mes o descenso máis acusado, de case tres puntos porcentuais neste caso.

- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste noveno mes do ano –un 1,3% en particular– situándose en 58,2 euros de media –cifra que se coloca nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas-. Neste mes supera soamente os valores rexistrados en Estremadura, Castela A Mancha e Aragón.
- Baleares é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de setembro con 104,0 euros de media –por quinta vez neste ano Canarias non ocupa este lugar-. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, o País Vasco –con 102,8 euros-, Andalucía, Cataluña, Canarias e Madrid –todas por encima dos 90 euros-. Son seis as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda levemente por encima dos 90 euros de media.
- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que melloran en relación ao pasado ano. País Vasco é o destino que presenta o incremento máis destacado cun 10,2%, seguido de Cantabria –cun 5,2% neste caso-. Mantéñense estables en Canarias e descenden en dúas: Cataluña e Madrid –un 8,7% nesta última.
- A estabilidade dos niveis de ocupación neste mes de setembro –froito dun descenso da demanda paralela á caída da oferta-, prodúcese nun contexto de leve incremento das tarifas hoteleiras, circunstancia que leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren suavemente os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2017 –o RevPAR sobe un 0,9% ata situarse en 30,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a cuarta máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Baleares –con 92,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de setembro, sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destacan o País Vasco e Canarias –ambas no contorno dos 80 euros-.
- En termos dinámicos obsérvase igualmente un comportamento dispar a nivel das comunidades. Os niveis de rendibilidade hoteleira melloran en dez destinos sendo o País Vasco o que amosa o incremento máis notable, do 13,5% en relación ao pasado ano. Mantéñense estables en tres e descenden nos catro destinos restantes sendo Madrid a comunidade coa caída máis acusada, do 10,1% neste caso.

ACUM. SETEMBRO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Acum. Setembro 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIROS	83.063.526	0,7%	3.321.022	-8,4%
NOITES	274.248.986	-0,6%	6.767.391	-5,3%
ESTADÍA MEDIA	3,30	-1,3%	2,04	3,3%
% OCUPACIÓN	62,25%	-0,82	40,27%	-0,29

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- Nos primeiros nove meses deste ano 2018 Galicia rexistra unha caída dos niveis de demanda hoteleira en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 8,4%, acadando máis de 3,3 millóns- e o volume de noites –un 5,3% neste caso, con preto de 6,8 millóns no conxunto da comunidade-.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anteriores. Logo das caídas rexistradas no bienio 2011-12, a demanda hoteleira consegue mellorar no acumulado a setembro de 2013 –un 2,4%- con carácter previo aos incrementos do 4,8% en 2014, do 9,1% en 2015, do 6,4% en 2016 e do 6,8% en 2017. A caída deste ano rompe esta dinámica e coloca o nivel final en algo menos de 6,8 millóns de noites –a cifra máis baixa dos últimos tres anos pero que sen embargo queda por encima de toda a serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é paralela rexistrando neste 2018 máis de 3,3 millóns no conxunto da comunidade, a cifra máis baixa dos últimos catro anos.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de máis de 300 mil viaxeiros aloxados e de 379 mil pernoctacións en relación ao conxunto dos primeiros nove meses de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 0,7%- mais descende en paralelo o volume de noites –un 0,6% neste caso- como consecuencia dun descenso da estadía media. Son en todo caso variacións pouco significativas que falan máis ben de certa estabilidade dos niveis de demanda en relación ao pasado ano.
- O comportamento da demanda a nivel das comunidades autónomas é moi dispar neste período de nove meses. En particular, sobe e mellora en dez delas –sendo Estremadura o destino que rexistra o crecemento máis intenso, do 5,1% en relación ao pasado ano-. No lado contrario é a C. Valenciana o destino de crecemento máis moderado, inferior ao 1% interanual.
- A demanda mantense estable en Baleares e cae nas seis comunidades restantes, con menor intensidade en Asturias –un 0,6%- e de forma máis acusada en Galicia –cunha caída do 5,3% neste caso-.

- Similar comportamento se observa no lado dos viaxeiros aloxados, onde se aprecian variacións dispares. Dez delas melloran as cifras do pasado ano –encabezando Cantabria o ranking cun incremento do 6,7%-, mantense estable en catro destinos e descende nas tres restantes –sendo Galicia o destino coa caída máis notoria, do 8,4% neste caso-.
- Así pois, no acumulado ata o mes de setembro Galicia marca o peor comportamento relativo da demanda a nivel estatal, rexistrando os descenso máis acusados tanto na cifra de viaxeiros aloxados coma no volume de noites.
- Baleares –con máis de 52,6 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste período –absorbendo o 19,2% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Canarias –moi preto, con case 52,1 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 47,1 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con máis de 43,2 millóns-, a C. Valenciana –con 26,2 millóns- e Madrid –con máis de 18,2 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 86% do total da demanda hoteleira de España. O 14% restante repártese no resto do territorio destacando Galicia por encima das restantes -ocupa neste período a sétima posición, por detrás de todas as anteriores, representando o 2,5% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento algo diferente dos grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- mantense estable en relación ao pasado ano. Tal circunstancia afecta tanto á cifra de viaxeiros aloxados coma ao volume de noites pois as variacións son inferiores ao 0,5% interanual. O nivel final deste período de nove meses sitúase en preto de 1,7 millóns de noites –a cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso do 7,0% no volume de noites hoteleiras –provocado en grande medida pola caída da cifra de viaxeiros españois, do 9,9% neste caso-. O descenso deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos desde o 2013 e deixa o nivel final en case 3,5 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2010-.
- O turismo internacional presenta tamén un comportamento negativo neste período. O volume de pernoctacións cae un 7,2% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 13,1%, nun contexto de mellora da estadia media –do 6,7% neste caso-.
- Este descenso rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, circunstancia que permitira acadar máximos históricos xustamente en 2017 con máis de 1,7 millóns de noites. A caída deste 2018 sitúa o nivel final en máis de 1,6 millóns de noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- Máis da metade da demanda hoteleira corresponde ao turismo receptor nacional, segmento de maior peso neste período –representa en sentido estrito o 51,6% do total-. O mercado interno representa o 24,6% mentres que o internacional supón o 23,8% do total –cifra que tamén descende en relación ao pasado ano-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento relativamente paralelo da demanda hoteleira. O volume de noites consegue estabilizarse só na provincia de Ourense mais cae nas tres provincias restantes: un 7,5% en A Coruña, un 5,6% en Lugo e un 3,8% en Pontevedra.

- Con máis de 2,74 millóns de noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 40,5% do total-. Segue parella Pontevedra co 40,2% e preto de 2,72 millóns neste caso. Ambas absorben a case o 81% do total da demanda hoteleira da comunidade.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 2,04 noites, cifra que supera nun 3,3% o dato do mesmo período do pasado ano. É o terceiro ano consecutivo no que mellora a estadía media na nosa comunidade, conseguindo recuperar parte do perdido nos seis anos anteriores.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,5%-. Tal circunstancia ten como consecuencia que descenden suavemente os niveis de ocupación do sector –en particular 0,3 puntos- ficando no 40,3% de media para o conxunto dos primeiros nove meses deste ano.
- Rómponse a tendencia de mellora dos niveis de ocupación hoteleira que se viña rexistrando no conxunto dos primeiros nove meses do ano desde 2013, mellorando en todo caso en dez puntos a cifra de 2012.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste período a cuarta cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Baleares e Canarias son os destinos que lideran o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal con máis do 76% de media en ambos. Seguen a C. Valenciana e Cataluña –ambas no contorno do 63%-. A media do conxunto de España sitúase no 62,3%.
- No conxunto dos primeiros nove meses do ano obsérvase certa mellora das tarifas hoteleiras en Galicia. En particular, increméntanse nun 2,2% en relación ao mesmo período do pasado ano situándose en 59,45 euros. Tal circunstancia acontece nun contexto de suave descenso dos niveis de ocupación o que conleva que neste período o RevPAR hoteleiro se estableza en relación ao pasado ano. A cifra deste 2018 sitúase en 29,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O ingreso total do sector hoteleiro en Galicia neste período de nove meses estímase en preto de 233 millóns de euros, cifra que descende nun 1,4% en relación ao mesmo período do pasado ano.